COMO SOLICITAR, ATRASAR OU ANULAR UNHA CITA

Horario

O horario de citación nas unidades de consultas dos distintos centros do Complexo Hospitalario está establecido **desde as 8:00 horas até as 15:00 horas**, con excepción do **Centro de especialidades do Ventorrillo**, onde o horario **é continuado desde as 8:00 da mañá ata as 21:00 horas.**

Documentación

Para solicitar unha cita para consultas ou para a realización de probas diagnósticas nalgún dos centros do Complexo Hospitalario, vostede **deberá ter un documento que así o acredite**.

No caso de que se trate **dunha primeira visita** vostede deberá ter unha folla de interconsulta do médico que fai a derivación na cal se indique a que servizo se dirixe.

Se o motivo polo que vén ao hospital ou centro de especialidades é **unha revisión**, vostede deberá dispor dunha dun informe no que conste esta indicación ou tarxeta de consulta á que debe acudir.

As consultas indicadas polo persoal sanitario do hospital (revisións ou consultas noutra especialidade) deben tramitarse nos mostradores de admisión o puntos de citación do hospital.

Finalmente, se se trata de **probas**, deberá ter unha folla de petición emitida polo/a médico/a. Nela indícase a proba que se debe realizar.

Lembrámoslle que as **citas para as especialidades hospitalarias e probas diagnósticas solicitadas polo seu médico/a de atención primaria deberá tramitalas no seu centro de saúde.**

Teléfonos

A continuación pode consultar os números de teléfono e fax das distintas unidades de citación:

- **Hospital Universitario da Coruña**: 981178107 / 981178204
- **Hospital Teresa Herrera**: 981178108 / 981178248
- **Hospital Marítimo de Oza**: 981178210 / 981178301
- **Hospital Abente y Lago**: 981142800 / 981205375
- **Hospital Virxe da Xunqueira:** 981706196 / 981706186
- **Centro de Especialidades do Ventorrillo**: 981142800 / 981178163
- **Centro de Especialidades de Carballo**: 981756668 / 981700216
- **Centro de Especialidades de Betanzos**: 981771092 / 981770312

É preciso indicar que non todas as citas poden ser facilitadas por vía telefónica, polo que, cando chame, nos teléfonos de citación indicaranlle se é posible facilitarlle unha cita ou é necesario que presente unha folla de petición nalgún dos puntos de citación do Complexo Hospitalario, trámite que pode facer de modo presencial ou tamén a través de fax ou de correo postal.

Ademais, no seu Centro de Saúde poderanlle informar de cales son as citas que lle poden facilitar no mesmo centro e para cales debe facer chegar a súa solicitude aos puntos de citación do Complexo Hospitalario.

Se o que vostede precisa é ANULAR unha cita, pode facelo chamando ao teléfono 981952950 tendo a man a súa tarxeta sanitaria.

No caso de solicitude de **Atraso de cita**, é preciso facelo con polo menos TRES días de antelación.

Cita previa en Atención Primaria:

Para solicitar unha cita no seu centro de saúde, pode facelo a través de E-saúde, Sergas móbil ou tamén nesta páxina web



Clasificación

Categorías:

- Temas, Información para os usuarios
- Colectivos, Pacientes e cidadanía
- Interésame, Citas

Tamén pode usar o ***Teléfono único do Sergas*** *para xestionar as súas citas, tanto en atención primaria como en hospitais.*

Enlaces relacionados

- E-Saúde (Xestiona as túas citas, accede á túa historia clínica e consulta a túa medicación de forma segura e confidencial)
- Sergas móbil